

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS DE APOIO AO ESTUDO E Á CONCILIACIÓN, PARA NENOS E NENAS EMPADROADOS NO CONCELLO DE VALDOVIÑO NOS DIFERENTES NIVEIS EDUCATIVOS (Preescolar, infantil, primaria, secundaria, bacharelato/formación profesional)”

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) y 20.8 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publicarase o extracto da convocatoria cuxa documentación completa pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Primeiro.- Persoas beneficiarias.

Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións de **apoio ao estudo** as persoas físicas pai, nai, titor/a ou familias acolledoras dun ou varios menores escolarizados/as nos niveis de infantil, primaria ou secundaria dalgún dos centros educativos do concello de Valdoviño (exceptuando aqueles casos nos que non exista praza e inspección determine o traslado a centros de outras localidades) ou cursando Bacharelato/ Formación Profesional nalgún centro público educativo dos concellos limítrofes.

Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións de **apoio á conciliación** as nais, os pais, persoas titoras legais ou familias acolledoras con menores con idades comprendidas entre os 4 meses e os 3 anos que requiran dos servizos de conciliación ofertados e ter matrícula nunha Escola infantil ou Punto de atención infantil do concello de Valdoviño no curso 2016/2017.

Para ambas axudas deberán cumprir tamén o seguinte: menores empadroados/as no concello de valdoviño, estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello, cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e non superar os ingresos que establece o baremo económico do artigo 6.

Segundo.- Finalidade

Compensar a aquelas familias que polas súas condicións económicas teñan máis dificultades para afrontar os gastos derivados da escolaridade ou dos recursos de atención preescolar para a conciliación familiar e laboral.

Terceiro.-Bases Reguladoras

As aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 6 de xullo de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, nº 146, de data 03.08.2017.

Cuarto.-Importe

Para o financiamento deste programa de bolsas establécese un crédito de contía máxima de 13.000 euros, recollidos nos orzamentos municipais do ano 2017, na aplicación orzamentaria 231 480 00.

Quinto .- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto 20 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria das axudas no Boletín Oficial da Provincia

En Valdoviño, 11 de xullo de 2017

O Alcalde;

Asinado: Alberto González Fernández